

NIVEL II

MÓDULO 1

UNIDADE 2: MEDIO AMBIENTE E POBOACIÓN HUMANA

Semana 1: A contaminación ambiental.....Páxinas 3 a 28
Semana 2: A poboación humana..... Páxinas 29 a 56
Semana 3: Movementos de poboación... Páxinas 57 a 92
Revisión da unidade:..... Páxinas 93 a 109

GRUPO DE TRABAJO:

María Eugenia Freire Bazarra

María Esther Martínez Rivas

Francisco Javier Remuiñán Iglesias

UNIDADE 2

SEMANA 1: A CONTAMINACIÓN AMBIENTAL



As especies de moitos animais e plantas están ameazadas pola vida moderna.

Cando as persoas cortan os bosques e non os replanta, cando os incendian, cando cazan animais sen control, en todas estas circunstancias están a colaborar na desaparición, ás veces irreparable, de especies animais e vexetais.

Se a actuación das persoas non é positiva pódese pór en serio perigo a conservación do **medio** e, xa que logo, a existencia da vida na Terra.

Podemos contribuír ao equilibrio ecolóxico procurando que os animais, as plantas, o aire, o solo e a auga poidan rexenerarse e non se esgoten.

Como inflúen as persoas na natureza? Explique algunha das actuacións que realiza.

Na fotografía do texto vese un home cazando focas. Cre que é unha actividade controlada?

Que opina sobre os incendios que temos en Galicia todos os veráns? Cre que son intencionados?

FALAMOS

CADA SEMANA DESAPARECE DO MUNDO UNHA
SUPERFICIE FORESTAL EQUIVALENTE A
325.000 CAMPOS DE FUTBOL.

WWW/ F.Adena

**Corea proxecta construír unha planta para procesar
carne de balea**

Greenpeace (13- 05-2005)

As noticias que acaba de ler falan de diversas actuacións das
persoas sobre o medio.

Conteste:

1. Por que desaparecen os bosques?

Que pode pasar se non se lle pon remedio?

Podemos, cada un de nós, facer algo para que non siga a suceder
isto?

Por que Greenpeace dá a alerta sobre o que pretende facer Corea?

Por que cre que está prohibida a caza dalgunhas especies?

A ORDE ALFABÉTICA

Que debemos facer cando temos que ordenar palabras que empezan coa mesma letra? Moi sinxelo: se a primeira letra é igual en todas elas, fixarémonos na segunda.

Se queremos ordenar **ataque** e **ameaza** fixarémonos nas letras **t** e **m**.

Cal delas é a primeira que encontramos no alfabeto?

O **m**. Daquela, **ameaza** é a primeira palabra que debemos escribir; **ataque** será a segunda.

2. Ordene alfabeticamente as seguintes palabras:

Planta

Paxaro

Progreso

Pel

Pícaro

.....
.....

3. Onde irá cada palabra seguindo a orde alfabética?

FONDA	FÁCIL
FELIZ	FIRME
	FURAR

OPTIMISTA	
	OBREIRO
OASIS	
	OMITIR
OFICIO	

ORTOGRAFÍA

As sílabas bla, ble, bli, blo, blu escríbense con b.

4. Ordene as sílabas de cada recadro e forme palabras:

ble- a- sem -
a

xe-da- **blin**

sa - **blu**

que - **blo**

_____, _____, _____,

5. Escriba catro palabras que terminen nas sílabas seguintes:

ble
blo

cable,

retablo,

A CONTAMINACIÓN DO AIRE E DO SOLO

O aire que respiramos tamén pode ser contaminado polas persoas: a queima de petróleo, de carbón, de gases naturais; o fume dos coches, a desaparición de bosques, as fugas radioactivas...

As consecuencias da contaminación do aire son gravísimas: aumento da temperatura da Terra, o buraco da capa de ozono, a choiva ácida...



O solo tamén pode deteriorarse por diferentes accións humanas: a construción pouco razoable de edificios e de estradas, a grande acumulación de lixo, os incendios forestais, a corta excesiva de árbores, os vertidos tóxicos...

Que significa que a temperatura da Terra estea a medrar?

Cre que o clima está a cambiar?

Por que se di que agora o sol “queima moito”?

De que xeito poden as persoas deteriorar o solo?

6. Diga se as afirmacións que ten deseguido son verdadeiras (V) ou falsas (F):

O aumento da temperatura beneficia a Terra. (V) (F)

A contaminación está a diminuír. (V) (F)

A construción dunha autopista deteriora o medio. (V) (F)

Tirar unha pava sen apagar pola ventá do coche é unha medida correcta. (V) (F)

Os raios ultravioletas son beneficiosos. (V) (F)

Cómpre que exista unha educación ambiental. (V) (F)

É bo reciclar os refugallos. (V) (F)

A limpeza das rúas é tarefa do concello. (V) (F)

O buraco de ozono permite que faga mellor tempo. (V) (F)

A choiva ácida é boa para a agricultura. (V) (F)

APRENDEMOS

As palabras que usamos para referírmonos a todo o que coñecemos son os **nomes**. Hainos de persoas, de animais, de plantas, de lugares, de ideas, de sentimentos, etc.

Hai diferentes clases de nomes: *comúns* e *propios*, *individuais* e *colectivos*, *concretos* e *abstractos*, etc.

Os **nomes comúns** refírense a persoas, animais, plantas e obxectos en xeral: *nenos*, *cerdeira*, *balea*, etc.

Os **nomes propios** serven para identificar persoas, plantas ou lugares, e para os distinguir dos demais do seu grupo. Escríbense con maiúscula: *Sil*, *Corcubión*, *Rocinante*.

8. Copie no seu caderno os seguintes nomes comúns e escriba un nome propio á beira de cada un:

río: ...

cidade: ...

monte: ...

pobo: ...

personaxe: ...

pai: ...

nai: ...

artista: ...

10. Complete o seguinte texto cos nomes que están no recadro:

Capa
Raios
Vida
Atmosfera
Gas
Terra
Sol

A de ozono é unha fina capa da que recobre toda a, que nos protexe do e que está composta na súa maioría polo ozono; así, esta capa bloquea os solares máis perigosos para a na Terra: os ultravioletas.

11. Lea o seguinte texto e **rodee os nomes** que aparecen nel:

Os principais problemas das cidades son:

- *A abundante contaminación causada polo grande número de coches, calefaccións e fábricas.*
- *A acumulación de grandes cantidades de lixo e augas residuais.*
- *A contaminación de zonas verdes dos arredores das cidades causada polo aumento do número de vivendas, de empresas e de industrias.*

APRENDEMOS

Os **nomes individuais** son os que, en singular, se refiren a unha persoa, un animal, unha planta u un obxecto: *árbore, castaña, cadela, etc.*

Os **nomes colectivos** son os que, en singular, se refiren a un conxunto de persoas, animais, plantas u obxectos: *manda, patrulla, ramo, etc.*

12. Copie no seu caderno as seguintes palavras, e emparelle o nome colectivo co nome individual correspondente:

Espárragos

arquipélago

Illa

frota

Rosa

mangado

Barco

ramo

Uvas

equipo

Xogador

acio

13. Procure na seguinte sopa de letras estes nomes colectivos: *século, milenio, trienio, década e lustro*.

M	L	T	O	H	P	Q	S
O	N	R	P	A	B	F	E
R	S	I	G	D	Y	I	C
T	V	E	C	A	X	V	U
S	B	N	O	C	Z	U	L
U	M	I	L	E	N	I	O
L	Ñ	O	E	D	A	H	D
H	C	P	U	G	R	A	C

14. Cando falamos dun *lustro* referímonos a *cinco anos*.

Escriba o significado destas palabras, referidas a períodos de tempo:

SÉCULO: _____

MILENIO: _____

TRienio: _____

DÉCADA: _____

15. Escriba no seu caderno unha frase con cada unha destas palabras.

A CONTAMINACIÓN DA AGUA

A auga é un recurso escaso. De toda a auga que hai no planeta, só unha pequena parte é aprobeitable.

As persoas poden contaminar gravemente as augas:

- Vertendo augas residuais sen depurar aos ríos ou ao mar.
- Usando deterxentes con fosfatos.
- Por medio de fertilizantes químicos e praguicidas para a agricultura.
- Nos accidentes de petroleiros.



O ecoloxismo é un movemento social que loita para defender a natureza das agresións humanas e para que volvamos a unha relación máis natural co medio.

FALAMOS

Os petroleiros constitúen unha ameaza para as nosas costas. Lembre as consecuencias do afundimento do *Prestige*.

A auga potable é un ben escaso na natureza. Que problemas pode ocasionar a falla de auga?

Coñece movementos ecoloxistas? Que pensa deles?

Conteste ás seguintes preguntas:

16. Que medidas podemos adoptar na nosa vida diaria para aforrar auga?

Por que os seres humanos temos a responsabilidade de coidar o medio?

Porque_____

17. Lea o seguinte texto:

*Os **fertilizantes** químicos da agricultura **contaminan** as augas subterráneas e envelenan animais e plantas.*

Fíxese nos diferentes significados da palabra **contaminar** e marque cun “X” o máis adecuado para o texto que vén de ler:

1. Contaxiar
2. Alterar a pureza de algo
3. Penetrar a sucidade no corpo.....

APRENDEMOS

Nomes concretos son os que se refiren a persoas, animais, plantas ou obxectos que podemos percibir polos sentidos: *vento, paisaxe, botella, sal, etc.*

Nomes abstractos son os que se refiren a conceptos, sentimentos ou ideas que só podemos pensar ou imaxinar e non os percibimos polos sentidos: *xustiza, igualdade, etc.*

18. Copie no seu caderno as seguintes oracións; marque cunha liña inferior os nomes concretos, e con dúas os nomes abstractos.

- *A amizade é un ben moi prezado que debemos coidar.*
- *Salvouno a valentía do bombeiro e a tenacidade do médico.*
- *O xuíz demostrou a súa sabedoría e xulgou con xustiza.*

19. Clasifique estes nomes en **concretos** e **abstractos**: *edificio, preocupación, nube, infancia, fume, simpatía, auga, caridade, dor.*

CONCRETOS

.....
.....
.....
.....

ABSTRACTOS

.....
.....
.....
.....

20. TRABALLAMOS CO PUNTO

Deseguido ten un parágrafo con sete oracións. Non están separadas. Vostede débellelles pór os puntos que lles fallan. Non esqueza que despois de punto sempre se escribe maiúscula.

A grande paixón do meu pai é o fútbol vólvese tolo véndoo na tele é divertido observalo ou oílo faise servir a cea nunha bandexa non quere perder detalle cando gaña o Atlético de Madrid, a Real Sociedad ou o Fútbol Club Barcelona pon cara longa esa noite ningún pode estar contento.

QUE É?

Aquí ten dúas adiviñas coa mesma solución.

Unha saba branca
sen algodón
que cobre a terra toda
e o río non.

Alta coma as torres,
branca como hai flores;
todo cobre, todo cobre,
agás o río que non pode.

.....


LEAMOS IMAXES: SIGNOS NOS MEDICAMENTOS

Nos envases dos medicamentos aparecen uns signos que nos indican a súa caducidade, se hai que gardalos no frigorífico, se afectan aos nervios, se teñen efectos secundarios, etc.

É importante coñecérmolos; son estes:

	Con receita médica		Son para os nervios
	Manter no frigorífico		
	Caduca aos cinco anos		Tóxico

Fíxese nos seguintes medicamentos:



Lemos en voz alta os seus nomes, tratando de pronuncialos ben.

Sóalle o nome dalgún deles?

Fíxese no que temos situado á dereita; ao lado do nome, LIZIPAINA, aparece un número e un signo en cor negra. Buscamos ese signo no cadro e vemos que significa que “caduca aos cinco anos”.

AGORA VOSTEDE

1. Fíxese no cadro dos signos e busque o que indica que “é para os nervios”.
2. Vaia agora aos medicamentos e procure o que teña ese signo.

AGORA CONTESTE:

Que medicamento dos que aparecen arriba é para os nervios?

Que signos ten o BINOTAL?

Que medicamento cumprirá pór na neveira?

TRABALLAMOS COS NÚMEROS

As fábricas, os motores dos coches, etc., expulsan ao aire moitos gases que son daniños para o medio. Un deles é o *dióxido de carbono*.

Deseguido temos as cantidades dese gas lanzadas ao aire en España nos anos 1980 e 1997. As cantidades están en millóns de quilogramos.

ANO 1980

<i>Transportes</i>	<i>Transformación de enerxía</i>	<i>Industria</i>	<i>Outros</i>
48.100	70.400	53.700	25.000

ANO 1997

<i>Transportes</i>	<i>Transformación de enerxía</i>	<i>Industria</i>	<i>Outros</i>
84.800	87.100	50.400	43.600

Observe as cifras da táboa. Están formadas por cinco números. O número 48.100 ten cero unidades, cero decenas, unha centena, oito unidades de millar e catro decenas de millar. Lese *corenta e oito mil cen*.

1. Complete a táboa.

NÚMERO	Decenas de millar	Unidades de millar	Centenas	Decenas	Unidades
70.400					
53.700					
25.000					

2. Escriba con palabras as cifras de dióxido de carbono correspondentes ao ano 1997.

-
-
-

3. Ordene todas as cifras do cadro de maior a menor.

4. Complete a seguinte serie, que empeza en 1.000 e acaba en 100.000, sumando 3.000 en cada paso.

1.000 – – – 10.000 – 13.000 – –
 – – – 25.000 – – 31.000 –
 – – – – 46.000 –

—

55.000 — — 61.000 — — — 70.000 —
— — — 82.000 — — 88.000 — —
— — — 100.000.

Imos volver observar as táboas sobre o dióxido de carbono.

5. Que cantidades de gases de dióxido de carbono se lanzaron ao aire en 1997 polos transportes e a industria?
6. Que cantidades de gases de dióxido de carbono se lanzaron ao aire en 1997 pola obtención de enerxía e por outras causas?
7. Calcule a emisión total de dióxido de carbono en España no ano 1997.
8. Comprobe os resultados anteriores coa calculadora.

A contaminación da auga fai que esta deixe de ser útil para beber, regar e lavar, e provoca a morte de distintas especies de animais en ríos, lagos e mares. A contaminación da auga débese a moitas causas, como o seu uso nas nosas casas ou as mareas negras ocasionadas polos accidentes petrolíferos.

Conteste:

- Se ten 15 litros de auga e bebe dous litros, quédanlle _____ litros de auga.
- Se nun pequeno regato hai 58 troitas e, debido á contaminación, morren 27, agora quedan _____ troitas vivas.
- Un petroleiro transporta 75 toneladas de petróleo, ten un accidente, verte ao mar petróleo e quédanlle 10 toneladas nos seus tanques. Ese petroleiro verteu ao mar _____ toneladas de petróleo.

Perder ou sacar cousas dunha cantidade
denomínase **restar**.

O símbolo da resta é unha raia horizontal (—) que se
lle chama signo “menos”.

Os cálculos que se pedían sobre a auga son, xa que logo, restas, e pódense representar do seguinte xeito:

$$\begin{array}{r} 15 \\ - 2 \\ \hline 13 \end{array} \quad \begin{array}{r} 58 \\ - 27 \\ \hline 31 \end{array} \quad \begin{array}{r} 75 \\ - 10 \\ \hline 65 \end{array} \begin{array}{l} \rightarrow \text{minuendo} \\ \rightarrow \text{subtraendo} \\ \rightarrow \text{diferenza} \end{array}$$

Observe que, como ocorre na suma, para restar cantidades de varias cifras cómpre colocármolas adecuadamente. É dicir, as unidades debaixo das unidades, as decenas debaixo das decenas, as centenas debaixo das centenas,... e efectuamos a resta cifra a cifra. Por exemplo, se a oito unidades lle quitamos sete, quédanos unha unidade, e se a cinco decenas lle quitamos dúas decenas, quédannos tres decenas.

$$\begin{array}{r} 5 \text{ decenas } 8 \text{ unidades} \\ - 2 \text{ decenas } 7 \text{ unidades} \\ \hline 3 \text{ decenas } 1 \text{ unidade} \end{array}$$

9. Resolva as seguintes restas.

$$\begin{array}{r} 93 \\ - 32 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 387 \\ - 144 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 265 \\ - 210 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 58 \\ - 46 \\ \hline \end{array}$$

Para comprobarmos se unha resta está ben feita, sumamos a diferenza obtida e o subtraendo. A resta estará ben se o resultado desa suma coincide co valor do minuendo. Por exemplo,

$$\begin{array}{r} 527 \\ - 315 \\ \hline 212 \end{array}$$

Comprobación:	212
	+ 315
	527

10. Comprobe os resultados obtidos para cada unha das restas do exercicio 9.


11. Como vimos, a produción de enerxía é unha das causas da contaminación do aire. Xa que logo, debemos aforrar enerxía. Conteste: canto consumiu unha familia no período de xaneiro a marzo se en xaneiro o contador marcaba 13.642 Kwh e en marzo 15.786 Kwh?

12. Os metais pesados, como o chumbo das gasolinas, son unha das causas da contaminación do solo. Son moi perigosos, ademais, porque se poden introducir nos alimentos. Se un agricultor ten 485 hectáreas de terreo e un laboratorio de análises lle di que ten 135 hectáreas contaminadas, cantas lle quedan limpas, aptas para cultivar?

O petróleo

O petróleo é un combustible fósil, denominado “o ouro negro” do noso tempo. Grazas ao petróleo, puidéronse desenvolver os transportes e apareceron os plásticos. Pola contra, condiciona a economía de moitos países. Ademais, o seu consumo excesivo é unha das primeiras causas das elevadas emisións de dióxido de carbono, responsables do quecemento do planeta e do cambio climático.

Deseguido imos ver datos do consumo de millóns de barrís de petróleo no ano 2002 dalgúns países.



13. Os EEUU consumiron máis barrís de petróleo que China.
Cantos máis?

14. Cal é a diferenza de barrís de petróleo consumidos entre España e Rusia?
15. Calcule cantos barrís máis de petróleo consumiu Xapón que Rusia.
16. Calcule o consumo conxunto de España e Rusia.
17. Cantos barrís máis consome Xapón que Rusia e España xuntas?

Para realizar restas coa axuda da calculadora debemos escribir as cifras do minuendo, deseguido premer o botón do signo “–”, despois escribir as cifras do subtraendo e, por último, pulsar o botón do signo “=”.

18. Comprobe os resultados das operacións realizadas nos exercicios 13, 14, 15, 16 e 17 coa axuda da calculadora.


LECTURA DE IMAXES: SOS

En moitos lugares atopamos as letras **SOS**. Significan normalmente un lugar ou unha institución onde se pide socorro ou axuda, ou unha organización onde se presta axuda urxente.



SOS RHINO

O debuxo que hai deseguido representa un poste dunha autopista ou autovía onde podemos pedir axuda se temos algún problema co coche, por exemplo. Normalmente están pintados de cor laranxa, que se distingue moi ben.



A orixe das letras SOS non está moi clara. Durante moito tempo díxose que eran as letras iniciais das palabras inglesas “**Save Our Souls**”, que significan “Salvade as nosas almas”. En realidade, os barcos transmitían SOS a través do telégrafo porque son as letras máis doadas de transmitir coa linguaxe Morse (... --- ...). Dise que o gran transatlántico Titanic foi o primeiro en transmitir unha mensaxe de socorro usando este código, aínda que parece que xa antes o usaran outros barcos ingleses.

Na actualidade podemos pedir axuda urxente con algúns números de teléfono:

112: Centro de Atención de Emerxencias, da Xunta de Galicia.

061: Urxencias médicas do Servizo Galego de Saúde (SERGAS)

091: Policía Nacional.

092: Policía Municipal.

SEMANA 2: A POBOACIÓN

A poboación é algo que cambia constantemente. Todos os días nacen e morren persoas. Isto sucede na localidade en que vivimos, en Galicia, en España e en todos os lugares do mundo.

Nos últimos cincuenta anos a poboación mundial aumentou considerablemente; na actualidade hai preto de 7.000 millóns de habitantes na Terra e, aínda que o crecemento nos últimos anos é máis lento, espérase que para o ano 2050 se chegue aos 9.000 millóns de persoas.

A poboación mundial non está uniformemente distribuída por todo o globo. Os máis altos niveis de crecemento corresponden aos países máis pobres, que son os que peor preparados están para lle ofrecer servizos básicos e emprego á xuventude. En África, no sur de Asia e en América Latina, máis do 40 % da poboación é menor de quince anos.



En Europa e nos Estados Unidos, as zonas máis ricas do mundo, só vive o 11 % da poboación do planeta.

FALAMOS

Que quere dicir que a poboación non estea distribuída de xeito uniforme?

Por que están máis poboados os países pobres?

Por que en Europa medra pouco a poboación?

Fíxese na seguinte noticia:

Galicia seguirá avellentando e no ano
2017 terá 70.000 xubilados máis
La Voz de Galicia (20-05-2005)

Que quere dicir “seguirá avellentando”? Marque cunha cruz a resposta correcta:

- Que terá máis habitantes.
- Que o número de anciáns será maior que o de nenos.
- Que todo o mundo lles terá moito respecto.

Cre que é bo que unha sociedade se avellente?

Por que?

1. Relacione:

País desenvolvido

país pobre

País subdesenvolvido

país rico

2. Que zonas do planeta están máis habitadas?

A ORDE ALFABÉTICA

Lembre:

Para ordenar alfabeticamente palabras que teñen a primeira letra igual debemos fixarnos na segunda.

Ordene alfabeticamente as seguintes palabras:

cuperta – cromo – censo – comisario – cemento – clase – casino

LEMBRAMOS

Non é o mesmo!

cra, cre, cri, cro, cru

gra, gre, gri, gro, gru

1. Complete coas sílabas dos recadros:

____cido

.....nio

.....queta

.....ceiro

.....stal

.....xo

.....po

.....tar

.....ña

.....seiro

2. Conteste:

Como se chama?

- A folla tenra do nabo.

- Algo ou alguén que causa risa pola súa ridiculez.

- Cor intermedia entre o branco e o negro.

- Que non está ben cocido.

- Golpe na cabeza.

- Facer comentarios negativos sobre alguén.

XOGAMOS COAS PALABRAS: ACRÓSTICOS

Lea os seguintes versos:

*Camiñaba á présa,
rabioso,
igual que un home
malvado,
empapado de sangue.*

Fíxese nas letras iniciais de cada un dos versos; se as lemos de arriba abaixo, aparece una palabra.
Cal é?

Esa palabra ten algo que ver co que se di nos versos.

AGORA VOSTEDE

Imaxine que a palabra que imos ler de arriba abaixo é **pata**.
Esas van ser as iniciais das palabras que escribamos:

P

A

T

A

A POBOACIÓN MUNDIAL

Actualmente as persoas viven máis tempo e a súa vida é moito máis saudable. Os avances da medicina e as mellores condicións de vida conseguiron que a esperanza de vida pasase dos 46 anos en 1950 aos 70 na actualidade.

Nos *países desenvolvidos* diminuíu a taxa de natalidade desde case seis fillos por muller ata menos de dous na actualidade.

Cada vez medra máis o número de mulleres e de homes que planifican o momento en que queren ser pais e o número de fillos que queren ter.

Nos *países subdesenvolvidos* o número de fillos por parella é moito máis elevado, polo que a poboación medra moi á présa. A taxa de mortalidade descende moito máis rapidamente que a taxa de natalidade.

Isto é debido aos avances da medicina, por unha banda, e á lentitude con que se producen os cambios culturais, por outra.

En calquera caso, as campañas a favor do control da natalidade nestes países están a conseguir reducir as taxas de fecundidade.

FALAMOS

A taxa de natalidade indica o número de nacementos por cada mil habitantes. A que nos referimos cando dicimos que medra?

A taxa de mortalidade indica o número de mortes por cada mil habitantes. A que nos referimos cando dicimos que diminúe?

CONTESTE

1. Por que non hai moitos nacementos nos países desenvolvidos?

2. Que quere dicir que a esperanza de vida aumente?

3. Por que cre que na actualidade se vive máis?

4. Que quere dicir que nos países subdesenvolvidos medra máis rapidamente a taxa de natalidade?

5. Como será a poboación nestes países?

APRENDEMOS

O xénero dos nomes

Cando dicimos “*o meu sobriño*” entendemos que se trata do fillo do meu irmán ou da miña irmá.

Se, pola contra, dicimos “*a miña sobriña*”, non estamos a falar dun home, senón dunha muller. Estarémonos referindo á filla do meu irmán ou da miña irmá.

Fíxese: *sobriño* é un nome que varía a súa terminación segundo se refira a un home ou a unha muller:

sobriño / sobriña

Estes cambios que experimentan os nomes serven para indicar, en casos como este, o sexo dos seres aos que nos estamos referindo.

Expresan o **xénero** dos nomes.

Os nomes das persoas ou animais machos teñen **xénero masculino**, os das persoas ou animais femias teñen **xénero feminino**, e ás cousas atribuímoslles un dos dous xéneros.

1. Fíxese nos seguintes nomes e poña ao pé de cada un o seu xénero, **masculino** ou **feminino**:

Panadeira

Espello

Lámpada

Tubo

Libro

Cadeira

Casa

Pinza

O xénero feminino pódese formar así:

- Cambiando a terminación **-o** do masculino por **-a**:
amigo / amiga, neno / nena.
- Quitando o **-n** final da palabra:
irmán / irmá; ourensán / ourensá
- Engadíndolle ao masculino unha terminación como **-a**, **-isa**, **-esa** ou **-iña**: *pescador / pescadora, poeta / poetisa, duque / duquesa, galo / galiña.*
- Cambiando a terminación **-dor** ou **-tor** por **-triz**:
emperador / emperatriz; actor / actriz.
- Utilizando palabras distintas para o masculino e para o feminino: *macho / femia; boi / vaca; cabalo / egua.*

2. Hai nomes de persoas e de animais que se poden escribir en feminino ou en masculino. **Complete os que faltan:**

Masculino	Feminino
nenos	nena
	gata
burro	
	moza

3. Complete o cadro co masculino ou feminino dos nomes seguintes:

Masculino	Feminino
heroe	
abade	
	ovella
	vaca
emperador	

4. Entre estas palabras aparecen cinco que se utilizan tanto para masculino como para feminino. Sublíñeas:

Testemuña *futbolista* *arquitecto*

Espía *alcalde* *cantante*

Camareiro *maquinista*

5. Cambie o xénero dos nomes que se refiren a persoas nas oracións seguintes:

- *Os esquiadores chegaron ao cume xeado.*

- *O telefonista recibiu a mensaxe do señor Luís.*

- *O decorador e a arquitecta foron ver a casa.*

- *Antonio vai casar con Henriqueta o día quince.*

Os nomes de cousas non varían para cambiar o xénero porque non teñen sexo. Dicimos que **reloxo** é masculino porque lle podemos poñer diante o artigo “o”.

O reloxo

Pero **neve** é feminino, porque lle pomos diante o artigo “a”:

A neve

6. No seguinte texto hai nomes de cousas. Sublíñeos:

María compra o xornal no quiosco da súa rúa cando sae facer a compra no supermercado. Nun dos baixos próximos hai un taller de coches. Un mecánico escoita un transistor entanto que traballa. A música escóitase en toda a rúa.

7. Escriba as palabras subliñadas no recadro correspondente, segundo o xénero que teñan:

MASCULINOS

FEMININOS

8. Copie o texto do exercicio de arriba no seu caderno.

9. Agora engádalle máis cousas; conte, por exemplo, que outros establecementos atopa María ao pasar camiño do supermercado.

A POBOACIÓN EN GALICIA

Para coñecer a poboación dun lugar, o Instituto Nacional de Estatística elabora cada dez anos un *censo*, que é como unha listaxe de todos os habitantes.


O último censo realizado no noso país é o do ano 2001. A poboación de Galicia é de 2.695.880 habitantes.

AUMENTA OU DIMINÚE?

A poboación galega medrou de xeito rápido durante a primeira metade do século XX, pero estabilizouse na segunda metade do século, ao descender a natalidade.

A consecuencia deste estancamento é que agora hai máis anciáns que hai cen anos, é dicir, produciuse un *avellentamento* da poboación.

Se nos fixamos na gráfica que temos deseguido, en 1900 había seis veces máis nenos que anciáns. En 1999, pola contra, había 20 anciáns por cada 13 nenos. Isto é debido á baixa natalidade e tamén á baixa mortalidade.



FALAMOS

Por que cre que diminuíu a natalidade en Galicia na segunda metade do século XX?


Por que hai cada vez máis anciáns na poboación galega?

MÁIS GRÁFICAS: A PIRÁMIDE DE POBOACIÓN

A pirámide de poboación é unha gráfica que nos proporciona información, por idades e por sexos, da poboación dun lugar determinado.

Fíxese na que temos a continuación:


- Na liña vertical sinálase a idade das persoas e na horizontal o número desas persoas.
- No lado dereito represéntase o número de mulleres e no esquerdo o de homes.
- Cada barra horizontal informa sobre o número de persoas que teñen unha idade determinada:



1. Agora intente responder ás seguintes preguntas:
Hai máis nenos e nenas ou máis anciáns?

Hai máis homes ou máis mulleres?
Lembre que a parte dos homes é a da esquerda, e a das mulleres, a da dereita.

Fíxese agora nesta outra pirámide de poboación:



2. Cal é a diferenza coa anterior?

Hai máis nenos ou máis vellos?

É un país novo ou vello?

LEMOS

Chegou das Américas un home rico e trouxo consigo un negrito cubano, coma quen trae unha mona, un papagaio, un fonógrafo...

O negrito foi medrando na aldea, onde deprenheu a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.

Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para ganar o pan. Co tempo fíxose mozo cumprido, sen máis chatas que a súa cor... Aínda que era negro coma o pote, tiña graza dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, con un caravel enriba da orella e unha pola de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

Unha noite de estrelas xurdiu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sentiu, como todos os mozos da aldea, os anceios de emigrar. E unha mañá de moita tristura gabeou polas escaleiras dun transatlántico.

Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.

Nunca rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando:

-Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. ¡Eu morro!

Panchito retornou á aldea. Chegou pobre e endeble; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e máis un traxe branco...

Castelao

1. Trate de contarlle esta historia a un compañeiro.

2. Agora escriba no seu caderno todo o que fixo Panchito cando chegou á aldea.

QUEN É O AUTOR?

Daniel Rodríguez Castelao nace en Rianxo (A Coruña) en 1886. Estuda a carreira de medicina en Santiago e establécese como médico en Rianxo. A súa afección polo debuxo lévaos a colaborar como ilustrador en revistas e libros. Casa en 1912.

Abandona a medicina e establécese como funcionario en Pontevedra. Incorpórase ao movemento nacionalista “Irmandades da Fala”. Comeza o seu labor como orador e ensaísta en galego sobre temas de arte.

A morte do seu único fillo déixao inmerso nunha profunda tristeza.

Entre 1930 e 1936 Castelao implícase dun xeito moi activo na loita política. Funda e dirixe o Partido Galeguista; a súa popularidade como escritor e como político está en auge.

Cando comeza a guerra está en Madrid xestionando o Estatuto de Autonomía para Galicia. Colabora activamente no recrutamento de galegos para loitar a favor da República.

Realiza viaxes de propaganda por diversos países para recadar fondos. A derrota da República sorpréndeo nos Estados Unidos.

Consegue trasladarse a Bos Aires, onde termina de escribir “Sempre en Galiza”, o seu texto político máis importante.

Morre en Bos Aires en 1950.



APRENDEMOS

O **punto** úsase para sinalar o final dunha oración (**punto e seguido**), dun parágrafo (**punto e á parte**) ou dun escrito (**punto final**).

1. Escriba o texto que ten deseguido no seu caderno é pónalle os puntos que lle cumpran. Non esqueza as maiúsculas:

Lois Freixeiro vive en Lalín hai vinte anos que non saíu da vila a súa idade é de corenta e cinco anos a última vez que viaxou estivo en Guipúscoa Lois leva unha vida plácida e ordenada todo é acompasado, uniforme e tranquilo na súa vida érguese moi cedo

2. Escriba unhas liñas no seu caderno contando o que lle gustaría facer a fin de semana. Non esqueza colocar os puntos correspondentes.

3. Copie no seu caderno e relacione con frechas:

O punto e seguido

O punto e á parte

O punto final

separa parágrafos

finaliza un escrito


separa oracións

LEMOX IMAXES: SINAIS DE TRÁFICO

Aínda que a maioría dos sinais de tráfico son para os condutores, hai algúns tamén de interese para os peóns. É importante coñecérmolos, porque a nosa seguridade pode depender deles.

Pasos de peóns

Quizá sexan os máis importantes. Malia estaren regulados por semáforos, cómpre termos moita precaución. Con frecuencia, os condutores non os respectan. Hai que deterse sempre antes de cruzar, ollar á dereita e á esquerda, comprobar que non veña ningún coche e, despois, cruzar con rapidez.



Este é un sinal de perigo: avisa os coches de que deben ter precaución porque hai un paso de peóns



Este sinal é só informativo

OUTROS SINAIS DE INTERESE PARA OS PEÓNS SON:



Perigo: animais ceibos



Paso reservado aos peóns



Paso prohibido aos peóns



Paso inferior para peóns

Os sinais de tráfico poden ser redondos, triangulares ou rectangulares. As cores tamén son importantes: a cor vermella indica perigo ou prohibición. A cor azul indica información ou recomendación. Os sinais que son redondos e vermellos indican prohibición. Os que teñen forma de triángulo adoitan indicar perigo. Os rectangulares e de cor azul e branca son informativos.

TRABALLAMOS COS NÚMEROS

Nas seguintes táboas imos estudar datos sobre a natalidade en Galicia.

Nacementos segundo sexo do nacido e a provincia galega

	2000		2001		2002	
	<i>Nenos</i>	<i>Nenas</i>	<i>Nenos</i>	<i>Nenas</i>	<i>Nenos</i>	<i>Nenas</i>
<i>A Coruña</i>	4.137	3.806	4.047	3.909	4.053	3.813
<i>Lugo</i>	1.042	1.039	989	925	1.015	903
<i>Ourense</i>	960	877	911	898	923	903
<i>Pontevedra</i>	3.913	3.644	4.008	3.674	3.996	3.721

1. Calcule o número total de nenos varóns nados en Galicia no ano 2002.
2. Calcule o número total de nenas nadas no ano 2002.

Cando realizamos restas, pode haber no minuendo algún número menor que no subtraendo. Nese caso farase como nos seguintes exemplos:

$$\begin{array}{rcl}
 & 7 & \\
 82 & = & 8 \text{ decenas} \rightarrow 1 \text{ 2 unidades} \\
 - 64 & = & \underline{6 \text{ decenas}} \quad \underline{4 \text{ unidades}} \\
 \hline
 18 & & 1 \text{ decena} \quad 8 \text{ unidades}
 \end{array}$$

$$\begin{array}{rcl}
 & 6 & \\
 748 & = & 7 \text{ centenas} \rightarrow 1 \text{ 4 decenas} \quad 8 \text{ unidades} \\
 - 452 & = & \underline{4 \text{ centenas}} \quad \underline{5 \text{ decenas}} \quad \underline{2 \text{ unidades}} \\
 \hline
 296 & & 2 \text{ centenas} \quad 9 \text{ decenas} \quad 6 \text{ unidades}
 \end{array}$$

3. Fíxese na táboa: en todas as provincias e en todos os anos recollidos naceron máis nenos que nenas.
 - a. Imos observar os datos do ano 2000. Calcule a diferenza entre os nenos e as nenas nados na provincia da Coruña.
 - b. Observamos agora os datos do ano 2001. Calcule a diferenza entre os nenos e as nenas que naceron na provincia de Ourense.

Nacementos segundo a profesión e a idade da nai.

	<i>Menos de 20 anos</i>	<i>20-29</i>	<i>30-39</i>	<i>40-49</i>	<i>Máis de 50 anos</i>
<i>Activas</i>	50	3.010	6.141	306	1
<i>Estudantes</i>	55	98	13	0	0
<i>Labores de casa</i>	144	1.813	1.887	111	3
<i>Outros</i>	205	2.594	2.729	167	0

4. Escriba con palabras as dúas cifras maiores e as dúas menores que aparecen na táboa.

-
-
-
-

5. En que tramo de idade teñen as mulleres máis fillos?

6. A que idade teñen menos fillos?

7. Fíxese nas mulleres de 30 a 39 anos que traballan fóra da casa e nas que traballan na casa. Quen ten máis fillos? Cantos máis?
8. Volva observar a táboa e ordene todas as cifras que aparecen de maior a menor.
9. A poboación pódese clasificar en activa (desempeña un traballo remunerado) ou inactiva (non desempeña un traballo remunerado). Neste último grupo atópanse as amas de casa e as estudantes.
 - a. Procure na táboa quen ten máis fillos, as mulleres que traballan fóra ou as que traballan na casa.
 - b. En que idades é maior a diferenza?

10. Atope o camiño de números que sumados dean o número da meta. O traxecto só pode ser horizontal ou vertical, como no exemplo xa resolto.

	9	8	1
Saída	2	9	5
	2	9	9
			Meta 34

Saída	2	7	5
	9	5	3
	5	3	4
			Meta 21

	8	2	3
Saída	8	6	1
	2	8	5
			Meta 30

11. Realice as seguintes restas:

$$\begin{array}{r} 248 \\ - 173 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 467 \\ - 219 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 605 \\ - 585 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 827 \\ - 363 \\ \hline \end{array}$$

12. Complete os carteis.

$$\begin{array}{ccc} \boxed{12} & + & \boxed{34} \\ & \swarrow & \searrow \\ & \boxed{} & \end{array}$$

$$\begin{array}{ccc} \boxed{46} & + & \boxed{95} \\ & \swarrow & \searrow \\ & \boxed{} & \end{array}$$

$$\begin{array}{ccc} \boxed{78} & + & \boxed{23} \\ & \swarrow & \searrow \\ & \boxed{} & \end{array}$$

$$\begin{array}{ccc} \boxed{32} & + & \boxed{} \\ & \swarrow & \searrow \\ & \boxed{75} & \end{array}$$

$$\begin{array}{ccc} \boxed{17} & + & \boxed{} \\ & \swarrow & \searrow \\ & \boxed{45} & \end{array}$$

$$\begin{array}{ccc} \boxed{46} & + & \boxed{} \\ & \swarrow & \searrow \\ & \boxed{82} & \end{array}$$

$$\begin{array}{ccc} \boxed{267} & + & \boxed{163} \\ & \swarrow & \searrow \\ & \boxed{} & \end{array}$$

$$\begin{array}{ccc} \boxed{222} & + & \boxed{} \\ & \swarrow & \searrow \\ & \boxed{805} & \end{array}$$

$$\begin{array}{ccc} \boxed{} & + & \boxed{} \\ & \swarrow & \searrow \\ & \boxed{516} & \end{array}$$

O volume de auga dunha piscina, o longo dunha saia ou o peso da compra son magnitudes que en ocasións temos que medir. Para iso existen distintos instrumentos de medida. Deseguido cítase algúns deles e as unidades en que se miden estas magnitudes.

Medida de lonxitudes. Mídense en metros, quilómetros, milímetros, etc.



REGRA GRADUADA



CALIBRE



FLEXÓMETRO



METRO DE COSTURA



METRO DE CARPINTEIRO

Medida de masas. Mídense en quilogramos, gramos, miligramos, etc.



ROMANA



BALANZA



BÁSCULAS

Medida de volume. Mídese en litros, en centímetros cúbicos, etc.



VASO MEDIDOR



PROBETA



XIRINGAS

13. Una con frechas:

Báscula

Miligramo

Xiringa

Metro

Calibre

MASA

Quilogramo

Probeta

VOLUME

Litro

Romana

LONXITUDE

Centímetro cúbico



Flexómetro

Quilómetro

Vaso medidor

Gramo

14. Póñalles nome aos seguintes instrumentos.



SEMANA 3

OS MOVEMENTOS DE POBOACIÓN

Para estudar o crecemento ou a diminución da poboación dun país non só temos que ter en conta os nacementos e as defuncións que se producen nel, senón que debemos fixarnos tamén no número de persoas que marchan a vivir a outro lugar (**emigrantes**) e nas que veñen a vivir a ese país (**inmigrantes**).

A estes desprazamentos de grupos humanos chámaselles **migracións**.



POR QUE SE PRODUCEN?

Hoxe en día son, fundamentalmente, o resultado das guerras, das desigualdades sociais e da pobreza.

Hai migracións de diferentes tipos:

- As que se producen **entre o campo e a cidade**, pola necesidade de mellorar o nivel de vida.
- **Polos conflitos políticos**, que impulsan as persoas a saíren do seu país.
- Pola saída de **mozos preparados** a outros países, para atoparen un posto de traballo.
- As dos **países pobres** cara aos **países ricos**, na procura dunha vida mellor.

FALAMOS

De que países proceden os inmigrantes que recibimos?

Chegan ao noso país **persoas preparadas**, que realizaran estudos universitarios?

A que países marchan os españois?

1. Escriba se son verdadeiras ou falsas as afirmacións seguintes:

- *As aldeas quedan sen xente porque os mozos emigran:*
- *As persoas que veñen vivir a un país chámanse emigrantes:*
- *Os españois emigran a África:*
- *Para coñecermos a poboación dun sitio só temos en conta os nacementos e as defuncións:*
- *Os conflitos políticos producen emigracións:*
- *As persoas emigran para procurar unha vida mellor:*
- *Os inmigrantes son ben recibidos en todos os países:...*

2. Lea as seguintes noticias:

Sevilla supera a barreira dos 4.000 inmigrantes regularizados

O Goberno recomenda “regresar ao seu país” aos inmigrantes que non poidan legalizarse

ABC (08/05/2005)

3. Que quere dicir a primeira noticia? Marque a resposta correcta cunha cruz:

- Que en Sevilla hai 4.000 inmigrantes.
- Que en Sevilla hai máis de 4.000 inmigrantes con papeis.

- Que 4.000 inmigrantes de Sevilla teñen que marchar.

4. Fíxese agora na segunda noticia:

Que quere dicir “que non poden legalizarse”?

Por que cre que hai inmigrantes que non poden legalizarse?

Que lles recomenda o Goberno?

5. Fíxese no debuxo:



Que é o que pasa?
Coménteo en voz alta cos seus compañeiros.

6. Escriba unhas liñas no seu caderno contando o que sucede no debuxo.

A ORDE ALFABÉTICA

Cando as palabras que queremos ordenar teñen as dúas primeiras letras iguais, debémonos fixar na terceira letra.

1. Fíxese e complete:

Poboación e *policía* empezan por Teremos que fixarnos nas terceiras letras. Cales son? O e o

Que letra vai primeiro no abecedario?

Que palabra irá entón primeiro?

2. Ordene alfabeticamente as seguintes palabras:

fotógrafo, fortaleza, foco, fogón, fondo, folio

_____, _____, _____, _____, _____

APRENDEMOS A BUSCAR NO DICCIONARIO

LEMBRE:

No dicionario achamos o significado das palabras.

Imaxine que non coñece o significado da palabra *migrar*.

Ímola buscar no dicionario.

Que facemos?

1. Buscamos a primeira letra da palabra:

En *migrar* é o **m**. Fixámonos en que, na parte de arriba de cada folla do dicionario, hai unha palabra que vai soa; chamámola palabra-guía.

2. Fíxese nas páxinas reproducidas abaixo: a palabra *migrado* indícanos en que sitio do abecedario nos encontramos. Cál é a segunda letra da palabra-guía?

O

3. Se pasamos á folla seguinte atopamos que a palabra-guía segue empezando por **mi-** pero a terceira letra é distinta, neste caso é o **l**: *milenario*.

En cal das dúas follas estará *migrar*?

Na de, porque a palabra-guía da está máis próxima a *migrar* que a da

Localizamos a palabra: *migrar* está

Eliximos o seu significado e copiámolo:

Migrar:

.....

migrado

migrado. p.p. migrar.|| adx. Que migrou.

migrar. v.i. Mudar de rexión ou país persoas ou animais.

migratorio. Adx. 1. Pertencente ou relativo á migración. 2. Que emigra.

migueliño. Adx. Dise dunha variedade de figos e de ameixas que maduran polo San Miguel, no mes de setembro.

mihrab. m. Nicho ou fornelo disposto no fondo das mesquitas, xeralmente orientado cara á Meca, para lles indicar aos fieis cara a onde deben dirixir a súa oración.

mil. adx. 1. Dez veces cen. 2. Dise dunha cantidade importante que non se determina.

milénarismo

milénarismo. m. 1. Doutrina segundo a cal Cristo reinaría na Terra durante mil anos, despois da resurrección dos xustos e antes do Xuízo Final. 2. Crenza dos que sostiñan que a fin do mundo tería lugar o ano 1000.

milénarista. adx. 1. Do milénarismo, ou relacionado con el. 2. adx. e s. (Dise de) quen cre no milénarismo.

milénio. m. Período de mil anos.

milésimo. num. 1. Que segue en orde ao 999, que ocupa o número mil. 2. Que equivale a cada unha das mil porcións iguais en que se divide un todo. 3. Cada unha das mil partes nas que se divide un todo.

AGORA VOSTEDE

Á dereita da folla está *milenio*. Búsquea e escriba o seu significado:

Milenio: _____

* A partir de agora debe vostede traer un dicionario.

A EMIGRACIÓN DOS GALEGOS

O escritor galego Neira Vilas fala así sobre a emigración galega:

“Cando nós viaxamos a un colexio dunha aldea ou de calquera zona de Galicia e preguntamos na clase cantos nenos teñen algún familiar que emigrara, o 90 % dos rapaces ergue a man”.

A emigración en Galicia representa o maior fenómeno social dos últimos séculos. Milleiros de homes e de mulleres tiveron que abandonar a súa terra por razóns económicas ou políticas.

Nun primeiro momento, moitos galegos marcharon como xornaleiros a terras andaluzas, castelás e portuguesas.

Pero foi ao longo do século XIX e a principios do XX cando se produciu a saída máis importante de galegos cara a Cuba, Arxentina e Venezuela.

Esta emigración era, sobre todo, masculina. As mulleres quedaban coidando os fillos, á fronte da casa e ocupándose das tarefas agrícolas e gandeiras.

Máis adiante, na década dos sesenta, substitúese América por outros lugares máis próximos: Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Suíza.

A situación máis frecuente nas emigracións a Europa é que a muller acompañe o seu home; a decisión de emigrar ten como obxectivo aforrar e volver á súa terra en mellores condicións.

FALAMOS

Hai emigrantes no noso contorno familiar? A que sitio marcharon? Marcharon sós? Tiveron unha vida doada?

Volveron a Galicia nalgunha ocasión? Seguen na actualidade no mesmo sitio?

CONTESTE:

1. Con que problemas se enfronta a persoa que emigra ao chegar a un país descoñecido?

2. Que lle achegaron a Galicia os emigrantes?

A escritora Rosalía de Castro escribiu uns versos sobre a emigración dos galegos a Castela:

*Castellanos de Castilla,
tratade ben ós galegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.*

3. Que quería dicir Rosalía nestes versos? Marque a resposta que crea correcta:

- Que os galegos van moi brancos e volven moi morenos.
- Que as condicións de vida son moi duras.

4. A que se dedicaba a muller cando emigraba o seu home?

Fíxese na seguinte noticia:

Máis de 175.000 persoas marcharon de Galicia desde 1990

5. Cal cre que é a causa de marcharen tantas persoas?

6. Cal cre que é o destino dos que marchan agora?

ORTOGRAFÍA

Antes de escribir *b* e *p* ponse sempre *m*.

Exemplos: *campá*, *tambor*.

7. Das seguintes palabras, encerre dentro dun círculo as que teñan *mb* ou *mp*:

CAMBIA O AMBIENTE DA TÚA CASA

MAL TEMPO Campionato de tute
EN GALICIA

O CAMPO É SAUDABLE

8. Subliñe, no texto seguinte, palabras con *mp* ou *mb*. Cópieas no seu caderno.

Choveu tanto que cheguei á casa empapado. Púxenme malo e subiume a temperatura. Amparo levoume ao ambulatorio. Empecei a marearme porque o ambiente me puxo nervioso. O médico empeñouse en tomarme a tensión. Volvín para a casa aínda impresionado.

9. Complete con **n** ou con **m**:

Ca...bio , a...tena , e...botellado , e...bebido , A...tonio ,

Hu... berto , e...perador , i...maduro , e...busteiro , e...cadernado
, e...mascarado.

10. Escriba cinco palabras que leven **mp** ou **mb**:

_____, _____, _____, _____,

APRENDEMOS

O número dos nomes

Dicimos que un nome ou substantivo está en **singular** cando se refire a un só ser, e dicimos que está en **plural** cando se refire a varios seres.

Fíxese:

Árbore nomea un só ser; xa que logo, está en **singular**.

Árbores nomea varios seres; xa que logo, está en **plural**.

Como formamos o plural?

- Se o singular termina en vogal, engádese un **-s**: *amigo/amigos, casa/casas, rei/reis*.
- Se o singular remata en **-n**, engádese tamén un **-s**: *can/cans; lambón/lambóns*.
- Se o singular termina en **-r**, engádese **-es**: *flor/ flores*.
- Se a consoante é **-z**, o plural termina en **-ces**: *rapaz/rapaces, matiz/matices, luz/luces*.
- Cando o singular termina en **-s**, o plural é o mesmo: *luns, paracaídas, martes*. Por exemplo: “Ela vén á casa todos os **luns**”.
- Coas palabras rematadas en **-l** temos que ter moito coidado:
 - Se teñen unha soa sílaba, como *cal, fol, gol* ou *mal*, engaden **-es**: *cales, foles, goles, males*. Por exemplo: “O Celta marcou tres goles ao Real Madrid”.
 - Se teñen máis dunha sílaba e son agudas (levan a forza da voz na derradeira sílaba), fan o plural en **-is**: *animal/animais; aval/avaís; papel/papeis; español/españóis; cadril/cadrís*.
 - Se teñen máis dunha sílaba pero a forza da voz non remata na última sílaba, as palabras rematadas en **-l** fan o plural engadindo **-es**: *útil/útiles; difícil/difíciles*.

1. Diga en que número están os seguintes nomes:

cidade anciás home

valor heroes encaixes

encantos problema lugares

2. Escriba en singular os seguintes nomes:

narices _____ *espectaculares* _____

reis _____ *irmáns* _____

cartóns _____ *disfraces* _____

españóis _____ *cales* _____


3. Complete o seguinte cadro:

SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
útil		fol		sofá	
	felicidades		animais	balón	
	rebaixas	papel			matices
luns		plan			lucos

4. Resolva o seguinte enigma:

*O farmacéutico e a súa filla,
o médico e a súa muller,
sentaron para comer
e soamente comeron tres.
Investiga como pode ser.*

Fíxese con atención nestas viñetas:



1. Escriba o que sucede nelas:

2. Por que cre que o marido marcha durmir a un hotel?

A INMIGRACIÓN EN GALICIA

Galicia experimentou nos últimos vinte anos un cambio importante: deixou de ser un país exportador de man de obra barata para se converter en receptor de inmigrantes.

Isto sucede tamén no resto de España e na maioría dos países da Unión Europea.

Os problemas económicos e sociais polos que atravesan moitos países obrigan a moitas persoas a procuraren traballo en lugares máis estables.



Aínda que a inmigración é menor en Galicia que noutras zonas de España, prevese un crecemento importante na próxima década.

Os inmigrantes poden contribuír:

- A rexuvenecer a nosa sociedade avellentada.

- A manter os niveis de produción, xa que se incorporan normalmente aos postos de traballo menos desexados pola poboación.
- A soste os sistemas de protección social, en particular a atención sanitaria e as pensións.

Máis da metade dos inmigrantes que chegan a Galicia son persoas de entre 25 e 44 anos. Os principais países de procedencia son Portugal, Colombia, Arxentina, Venezuela e Marrocos.

FALAMOS

Que quere dicir que os inmigrantes rexuvenezan unha sociedade avellentada?

Que actitude temos os galegos cara aos inmigrantes?

En que traballos adoitamos velos?

CONTESTE ÁS SEGUINTES PREGUNTAS:

1. Con que dificultades se atopan os inmigrantes ao chegaren a Galicia?

2. Que quere dicir “os inmigrantes deben regularizarse”?

3. Por que cre que veñen menos aquí que a outros sitios de España?

4. Na sopa de letras aparecen nomes de países que se citan na lectura:

M	A	R	R	O	C	O	S	Q
C	R	P	A	N	L	I	S	L
A	C	O	L	O	M	B	I	A
B	I	R	P	I	G	E	F	R
I	S	T	I	P	A	T	R	X
X	V	U	N	U	E	R	A	E
Q	O	G	D	R	E	O	T	N
T	E	A	E	E	C	M	E	T
L	P	L	S	T	O	A	N	I
U	N	R	O	E	P	D	O	N
V	E	N	E	Z	U	E	L	A

LEMOS

Os seguintes versos pertencen á coñecida canción *El emigrante*, de Juanito Valderrama, que foi moi popular durante décadas:

Cando saín da miña terra
volvín á cara chorando,
porque o que máis quería
atrás íao deixando.
Levaba por compañeira
a miña Virxe de San Xil,
unha lembranza e unha mágoa
e un rosario de marfil.

Adeus, miña España querida,
dentro da miña alma
lévome metida.
e aínda que son un emigrante,
xamais na vida
eu poderei esquecerme.

*Cuando salí de mi tierra,
volví la cara llorando,
porque lo que más quería
atrás me lo iba dejando.
Llevaba por compañera
a mi Virgen de San Gil,
un recuerdo y una pena
y un rosario de marfil.*

*Adiós, mi España querida,
dentro de mi alma
te llevo metida,
y aunque soy un emigrante
jamás en la vida
yo podré olvidarte.*

El emigrante é unha famosa canción de Juanito Valderrama, moi popular nos anos corenta do século XX; continuamente era radiada en emisoras de toda España.

Escribiuna na habitación dun hotel despois de cantala en Tánxer ante españois que tiveron que marchar de España despois da Guerra Civil.

APRENDEMOS

USO DA COMA

Pomos **coma** (,) cando queremos separar os elementos dunha serie.

Por exemplo:

Podes elixir *un xersei, un pantalón, unha bufanda e un par de calcetíns*.

*Fíxese en que o último elemento da serie (*un par de calcetíns*) vai separado por “e”.

Ás veces son oracións as que forman a serie:

Erguinme cedo, vestinme deseguida, almorcei rapidamente e saín á rúa.

Tamén se separa cunha **coma** o nome co que chamamos a alguén:

Elisa, espera polo teu irmán.

AGORA VOSTEDE

1. Poña as **comas** que fagan falla nas seguintes oracións:

Tiven que facer compras nuns almacéns nunha farmacia e nunha perfumaría.

Ten na casa un can un gato unha tartaruga e un loro.

Pepe Henrique Carlos Xan e Miguel formarán a directiva.

Na mesa había de todo: xamón chourizo salchichón queixo doces.

2. Separe as oracións con **comas**:

É moi hábil: arranxa os aparellos que se estragan na casa sabe encadernar libros constrúese os andeis e ata fixo un pequeno invernadoiro.

A nena casou cun mecánico marcharon a Alemaña tiveron un fillo aforraron cartos e agora abriron un taller.

Mañá teño moitas cousas que facer: ir á clase comer na casa dos meus pais visitar a miña irmá volver á clase ir á estación a esperar a Xan e facer a compra.

3. Escriba todas as accións que realiza no día e sepáreas con **comas**.

4. Escriba no seu caderno os pasos necesarios para facer unha tortilla de patacas. Separe cada paso cunha **coma**.

XOGAMOS COAS PALABRAS: TEXTOS MONOVOCÁLICOS

Lea devagar o texto que ten deseguido.

Xa basta, charlatanas, a calar! Mañá Sara mandará lavar as sabas, plantar patacas, amasar a pasta ...

Marta, cansada, sacará a barca, arrancará para Sada, alcanzará a praia, nadará...

Branca fará as camas, salgará as gambas, lavará...

Nada as parará.

1. Atopa nel algo de particular? Fíxese especialmente nas vogais que aparecen nel.

O autor prescindiu das vogais *e*, *i*, *o* e *u*, e só escribiu palabras que levan a vogal *a*.

Este tipo de textos chámanse *monovocálicos*, é dicir, que están escritos cunha soa vogal.

AGORA VOSTEDE

2. Para lle facilitarlle a tarefa procuramos unhas palabras que leven o *a* como única vogal. Escolla algunhas para escribir un texto semellante ao de arriba.

falta	prancha	xa	raiada
arranca	plantas	malas	canta
salva	casa	para	alta
abraza	manga	tanta(s)	larga
saca	branca	vaca	salta
acaba	cara	atrás	lavada
tapa	lata	vaia	manchada
dá	bata	nada	laranxa
ra	ata		

3. A continuación reproducimos un *menú monovocálico* escrito usando só o *a*.

Gambas á prancha.
Pasta cava catalán.
Xarda á salsa branca.
Vaca asada & patacas á brasa.
Flan á nata branca.
Mazás & pasas.

Carraspada na garrafa.*
Cava catalán.

*Carraspada: bebida feita con viño, mel e especias.

Anítese, vostede, agora e escriba un menú con palabras que teñan só a vogal *e*.

LEAMOS IMÁXES: OS TECLADOS DOS TELÉFONOS

O teléfono revolucionou as nosas vidas. Antigamente, as persoas, para se comunicaren con outras que estaban lonxe, debían escribirse cartas, mensaxes ou telegramas, que normalmente tardaban algún tempo, ou moito tempo, en chegar ao seu destinatario. Hoxe en día podemos comunicar instantaneamente con calquera outra persoa do noso planeta, con tal de que teña un teléfono preto. Ata hai pouco tempo, eses teléfonos non se movían connosco e tiñamos que acudir a unha casa, a un bar ou a unha cabina para chamar. Nestes momentos, coa chegada dos teléfonos móbiles, só temos que sacalo do peto e marcar o número que desexemos.

Os teléfonos cambiaron de aspecto ao longo do tempo.




Na actualidade, os teléfonos fixos teñen un deseño moi diferente, xa non teñen discos para marcar, senón teclas.




Nos teléfonos antigos só se podía chamar ou recibir chamadas. Hoxe os teléfonos ofrecen moitas funcións: contestador, aviso de

chamadas non contestadas, chamada en espera, chamada a tres, etc. Para utilizar esas funcións, por veces hai que utilizar outras teclas, á parte das teclas de número.

As máis usadas son:



Tecla de *cadradiño*. En moitos móbiles hai que premela se queremos escribir con letra maiúscula nunha mensaxe de texto.



Tecla de asterisco. Nalgúns modelos de teléfono utilízase esta tecla para recibir información sobre chamadas non contestadas.



Icona de teléfono. Este signo aparece en todos os teléfonos móbiles. Se é de cor verde, serve para recibir unha chamada ou para iniciar a chamada a un número que temos marcado. Se é de cor vermella, serve para terminar unha conversa que se estea a ter.

En todos os teléfonos móbiles existen teclas que só teñen unha raia. Están situadas normalmente debaixo da pantalla e serven para elixir a opción que apareza nesa pantalla. Por exemplo, se a pantalla di *Mensaxes de texto* e prememos esta tecla, entraremos dentro desa función do noso móbil e poderemos ler mensaxes que nos enviaran ou escribir nós unha mensaxe nova.

As mensaxes de texto que podemos enviar ou recibir a través do noso móbil chámanse SMS. Estas letras veñen das palabras inglesas *Short Message Service*, que significan *Servizo de Mensaxes Breves*.

TRABALLAMOS COS NÚMEROS

Na seguinte táboa temos algúns datos sobre o número de emigrantes e inmigrantes en Galicia no ano 2.003.

Ano 2003	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
Número de emigrantes	36.115	8.700	12.412	23.672	80.899
Número de inmigrantes	42.305	9.515	12.447	27.807	92.074

1. Cal é a provincia que tivo máis emigrantes? E cal é a que menos tivo?
2. Calcule a diferenza do número de emigrantes entre as dúas provincias anteriores.
3. Cal é a provincia que tivo máis inmigrantes? E cal é a que menos tivo?

4. Calcule a diferenza do número de inmigrantes entre as dúas provincias anteriores.
5. Cantas persoas emigraron de Galicia no ano 2003?
6. Cantas viñeron a Galicia no ano 2003?
7. Vaia ao cadro e réstelle ao número de inmigrantes o de emigrantes. Así vai calcular se, por esa causa, aumentou ou diminuíu a poboación en Galicia.
8. Agora ímolo facer por provincias. Fíxese no cadro outra vez e calcule os seguintes datos:
 - a) Canto medrou a poboación na provincia da Coruña?

Para calcular o dato terá que realizar unha resta como no exemplo.

Exemplo,

$$\begin{array}{r} 42.305 \\ - 36.115 \\ \hline 6.190 \end{array}$$

b) Canto medrou a poboación na provincia de Pontevedra?

c) Canto medrou a poboación nas provincias de Lugo e Ourense?

9. A poboación total de Galicia a principios do ano 2003 era de 2.751.094 habitantes. Combine as cifras que forman este número para construír o maior número dos posibles (por exemplo, se tivera que facer ese mesmo exercicio co número 1.056, o resultado sería 6.510).

10. Combine agora esas cifras para construír o menor número dos posibles.

11. Escriba con letra os dous números obtidos ao combinar as cifras do número 2.751.094.

12. Con esas cifras pódense construír outros números. Complete a táboa e ha obter algúns deles. Antes de empezar a escribir os números lea ben o cadro.

<i>Unidades</i>	<i>Decenas</i>	<i>Centenas</i>	<i>Unidades de millar</i>	<i>Decenas de millar</i>	<i>Centenas de millar</i>	<i>Millóns</i>	<i>NÚMERO</i>
1	9	2	0	5	4	7	
4	2	0	7	9	1	5	
9	1	5	2	0	7	4	
5	9	4	1	7	0	2	
0	4	7	5	2	9	1	

13. Escriba con palabras os números obtidos na táboa.

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

14. Ordene os números anteriores de maior a menor.

15. Complete a serie sumando 62.500 cada vez.

62.500 – 125.000 – – 250.000 – –
375.000 –

437.500 – – 562.500 – – 687500 –
750.000

– 812.500 – – 937.500 –

A emigración dos galegos

Os galegos emigraron a distintos países. Nos anos cincuenta emigraban fundamentalmente a países de Hispanoamérica e nos setenta a países europeos como Suíza, Alemaña ou Inglaterra. Actualmente a inmigración tamén procede de distintos lugares.

Na seguinte táboa podemos observar datos que nos indican cales son os lugares de procedencia dos inmigrantes que chegaron a Galicia no ano 2003.

	<i>Europa</i>	<i>África</i>	<i>América do Norte</i>	<i>América central e México</i>	<i>América do Sur</i>	<i>Asia</i>	<i>Oceanía</i>
<i>2003</i>	4.677	743	546	848	10.030	178	31

Fíxese nos lugares de procedencia da poboación inmigrante.

16. Calcule a diferenza existente entre o número de inmigrantes procedentes de Europa e os procedentes de toda América.

Para realizar este problema ten que seguir os seguintes pasos:

1º. Sumar as cantidades de América do Norte, do Sur, central e México.

2º. Restarlle a cantidade obtida á cantidade de persoas vidas de Europa, recollida na táboa.

17. Calcule a diferenza entre o número de inmigrantes procedentes de África e os procedentes de Asia e Oceanía.

18. Comprobe os resultados anteriores coa calculadora.

UNIDADES DE MEDIDA

Como vimos a semana pasada, en ocasións cómpre medir masas, lonxitudes, superficies e volumes ou capacidades. Existen unhas unidades de medida internacionalmente aceptadas. Son as ***unidades do sistema internacional***.

Estas medidas pertencen a escalas, onde hai unidades maiores e menores que elas.

As unidades do sistema internacional para estas magnitudes son as seguintes:

<i>Magnitude</i>	<i>Unidade</i>	<i>Exemplo</i>
MASA	Quilogramo (Kg)	Comprei 3 Kg de laranxas
LONXITUDE	Metro (m)	A árbore ten 12 m de alto
SUPERFICIE	Metro cadrado (m^2)	A leira é de 2.000 m^2
VOLUME	Metro cúbico (m^3)	O depósito énchese con 5 m^3

Para o volume úsase moito como unidade o litro (l). 1 m^3 equivale a 1.000 litros (l).

En Galicia existen unhas unidades de medida propias, de orixes diversas (romanas, árabes, hispanas, etc.). Estas medidas usábanse, sobre todo, para medir a cantidade de gran e a superficie de terra sementada. Así, hai un gran número de

medidas tradicionais galegas para superficie (ferrado, tega, etc.), de masa (arroba, libra, quintal, etc.), de capacidade (ferrado, cuartillo, fanega, moio, seira, etc.) e de distancia (pé, estadal, vara, etc.).

Imos ver agora a relación que hai entre as medidas tradicionais galegas máis importantes e as unidades do sistema internacional:



SUPERFICIE

O **ferrado** é unha unidade que varía dunha zona a outra, e ademais serve para medir superficies e volumes. Como medida de superficie pode valer entre 424 m² e 640 m², dependendo da zona onde se use.

A **tega** é usada habitualmente en Ourense e Lugo como equivalente ao ferrado.



CAPACIDADE

O **ferrado**, como unidade de capacidade, tamén varía coa zona e, ademais, a súa medida depende do tipo de cereal para o que se usa (trigo, centeo, millo, etc.). O ferrado (ou **tega**) é un caixonciño cuadrangular, cun dos lados inclinados e outro provisto dunha asa.

O **cuartillo** é a vinte e catroava parte do ferrado, é dicir, un ferrado ten 24 cuartillos.

A **fanega** é unha medida de capacidade usada en cereais. É variable pero case sempre equivale a uns 55 litros.



MASA

A **libra** varía lixeiramente dunhas provincias a outras pero en todas elas vale preto do medio quilogramo.

A **arroba** é de 12 quilogramos e medio (tamén pode variar un pouco dunhas zonas a outras).

O **quintal** varía entre 50 e 60 quilogramos.



DISTANCIAS (OU LONXITUDES)

O **pé** vale, aproximadamente, 30 centímetros e medio.

A **vara** son catro cuartas. Cada cuarta mide arredor de 20 centímetros.

O **estadal** é unha medida agraria que pode valer 8 ou 12 pés, dependendo da zona.

19. Poña exemplos onde empregue as seguintes unidades de medida (metro, litro, quilogramo, metro cadrado, arroba, pé, ferrado e fanega).

20. Coloque onde lle corresponda na táboa as seguintes unidades: arroba, cuartillo, estadal, fanega, ferrado, quilogramo, libra, metro, metro cadrado, metro cúbico, pé, quintal, tega, vara.

	<i>MASA</i>	<i>LONXITUDE</i>	<i>SUPERFICIE</i>	<i>CAPACIDADE</i>
<i>Unidades do sistema internacional</i>				
<i>Unidades tradicionais galegas</i>				

21. Complete as frases.

Unha vara equivale a _____ cuartas.

Doce quilogramos e medio son aproximadamente unha _____.

O _____ é a unidade de superficie do sistema internacional.

O _____ pódese utilizar na medida de superficies e capacidades.

REVISIÓN

AS PERSOAS E O MEDIO


As persoas, coas súas actuacións, poden pór en perigo a vida da Terra.

- Poden contaminar o aire: queima de combustibles, fugas radioactivas, etc.
- Poden contaminar o solo: construción indiscriminada, incendios forestais, etc.
- Poden contaminar a auga: vertidos tóxicos, accidentes de petroleiros, uso de deterxentes con fosfatos, etc.

As consecuencias dunha mala actuación das persoas sobre a natureza poden ser gravísimas: aumento da temperatura da Terra, a choiva ácida, o buraco da capa de ozono, etc.

O movemento social que loita para defender a Natureza das agresións humanas chámase **ecoloxismo**.

Fíxese na imaxe que ten deseguido e conteste ás



seguintes preguntas:

1. Que se ve na imaxe?

2. Como podería contaminarse a auga?

3. E o solo?

4. Que consecuencias podería ter esa contaminación sobre os animais e as plantas?

5. Que outros perigos ameazan a Terra?

6. Explique algunha acción coa que poidamos contribuír a coidar o medio na nosa vida diaria.

7. Cal é a misión dos ecoloxistas?

A ORDE ALFABÉTICA

LEMBRE

Cando as palabras que queremos ordenar teñan a primeira letra ou as dúas primeiras letras iguais, débémonos fixar na seguinte.

Exemplo:

Carnota, **C**aión

1. Ordene alfabeticamente as seguintes palabras:

papel, padrón, pan, palma, país, paciencia, paquete

.....,,,,

.....,,

2. Busque no seu dicionario as seguintes palabras:

declive, primoroso, mesón

declive : _____

primoroso: _____

mesón: _____

O PUNTO. A COMA.

1. Coloque os puntos necesarios na seguinte receita de cociña:

GARAVANZOS CON BACALLAU

Desalgue o bacallau téndoo 24 horas en auga remóvao tres veces cando estea listo para cociñar, coza os garavanzos durante unha hora e carto engada logo as espinacas cortadas, o ovo picado e o bacallau esmiuzado deixe cocer 20 minutos máis bote sal ao seu gusto antes de servir, poña un chorriño de aceite de oliva.

2. Tache os puntos que non estean ben postos:

*A miña irmá. comprou uns zapatos na tenda que vimos onte.
Foi comigo. para que a aconsellase.
Custáronlle máis caros. do que pensaba gastar. Eu animeina.
porque a vin moi entusiasmada.*

3. Coloque as comas necesarias no seguinte exercicio:

*Sabela vai ao supermercado e compra:
dúas botellas de aceite tres paquetes de azucre dous quilogramos
de arroz tres leitugas dous mangados de grelos e un polo.
Ao chegar á casa coloca as cousas no seu sitio pon o lavalouzas e
baixa a pasear o can.*

4. Escriba o nome de seis comidas. Non esqueza as comas.

5. Escriba no seu caderno as cousas que fixo onte. Non esqueza os puntos nin as comas.

A POBOACIÓN

- A poboación mundial aumentou considerablemente nos últimos cincuenta anos; na actualidade hai preto de 7.000 millóns de habitantes no mundo.
- A poboación mundial non está igualmente repartida no planeta: os países pobres son os que teñen un nivel máis alto de crecemento.
- Nos países ricos, pola contra, a taxa de natalidade é moi baixa.
- Os avances da medicina conseguiron que as persoas vivan máis tempo e a súa vida sexa máis saudable.
- En Galicia descendeu a natalidade na segunda metade do século XX; como consecuencia produciuse un avellentamento da poboación.

CONTESTE

1. Onde é máis alta a taxa de natalidade? Marque cunha cruz a resposta correcta:

- Nos países ricos.
- Nos países pobres.

2. Una con frechas:

Países desenvolvidos
Países subdesenvolvidos


países pobres
países ricos

3. Por que en Europa medra pouco a poboación?

- Porque a taxa de natalidade é alta.
- Porque a taxa de natalidade é baixa.

4. Por que hai cada vez máis anciáns en Galicia?

- Porque aumentou a esperanza de vida.
- Porque viñeron doutros lugares.



Fíxese na pirámide de poboación e conteste ás seguintes preguntas:

1. Hai máis nenos e nenas ou máis anciáns en Honduras?

2. Cre que é alta ou baixa a taxa de natalidade en Honduras?

3. É un país novo ou vello?

LEMBRAMOS

cra , cre , cri
cro , cru

gra , gre , gri
gro , gru

4. COMPLETE

Pasar dun extremo a outro é


Unha persoa que cre en algo ou en alguén é un

Unha cor intermedia entre o branco e o negro é o


O aprendiz de mariñeiro que axuda na faena do barco é o

O froito dos cereais chámase

5. Escriba todas as palabras que se poidan formar no seguinte exercicio:



1. Cobre
2.
3.
4.
5.
6.



1. Cable
2.
3.
4.
5.
6.

6. Pense e escriba palabras que teñan as seguintes sílabas:

bra → *cobra*

bre →

bri →

bro →

bru →

bla →

ble →

bli →

blo →

blu →

ANTES DE <i>B</i> e <i>P</i> ESCRÍBESE
--

7. Coloque **n** ou **m** nas seguintes palabras:

co.....table, si.....pático, ta.....pouco, ca.....bio, lá.....pada, si...ple,

ma.....damento, ma.....sión, ta.....pón, saba ,

sa.....guinario, sí.....bolo, ta....bor, ta.....go, a.....bición, ba....bú

OS MOVEMENTOS DE POBOACIÓN

Chámanse **migracións** os movementos de poboación para establecerse fóra do lugar de orixe.

- **Emigrantes** son os que marchan.
- **Inmigrantes** son os que chegan.

Estes movementos son o resultado da pobreza, das guerras e das desigualdades sociais.

A **emigración galega** máis importante foi a principios do século XX, cara a Cuba, Arxentina e Venezuela.

Os **inmigrantes que chegan a Galicia** poden remediar o problema do avellentamento da nosa rexión. Proceden de Portugal, Colombia, Arxentina, Venezuela e Marrocos.

1. Seguro que coñece a historia dalgunha persoa que tivo que emigrar. Cóntea no seu caderno.

LEMBRAMOS

- Chamamos **nomes** ou **substantivos** ás palabras que usamos para referírmonos a todo o que coñecemos.
- Poden ser comúns ou propios, individuais ou colectivos, concretos ou abstractos.
- O **xénero** indícanos o sexo dos seres aos que nos estamos a referir. Pode ser masculino ou feminino.
- O **número** indícanos se o nome se refire a un ser ou cousa ou a varios. Pode ser singular ou plural.

2. Cambie o xénero dos seguintes nomes:

locutor:

actriz:

touro:

príncipe:

cabalo:

galo:

muller:

duquesa:

3. Lea esta mensaxe. Clasifique os nomes en **singular** e en **plural**:

Carmela, mira se na maleta metiches toda a equipaxe: as camisas, o traxe de baño, as sandalias, o sombreiro, a toalla, o xampú, os panos da man e a colonia.

singular

plural

4. Poña en **plural** os seguintes nomes:

perdiz:

flor:

luns:

club:

lugar:

rei:

banco:

nariz:

TRABALLAMOS COS NÚMEROS: REVISIÓN

19. Complete a táboa.

<i>Unidades</i>	<i>Decenas</i>	<i>Centenas</i>	<i>Unidades de millar</i>	<i>Decenas de millar</i>	<i>Centenas de millar</i>	<i>Millóns</i>	<i>Número</i>
0	0	8	5	0	4	6	
							678.900
5	4	3	2	7	9	0	
							35.002
							1.000.536

20. Escriba con palabras as cifras da táboa anterior.

-
-
-
-
-

21. Ordene as cifras da táboa de maior a menor.

22. Complete a seguinte serie que empeza en 250.000 e segue sumando 3.500 en cada paso.

$$\begin{aligned} &250000 - \boxed{} - \boxed{} - 260500 - 264000 - \boxed{} - \\ &- \boxed{} - \boxed{} - 278000 - \boxed{} - 285000 - \boxed{} - \\ &- \boxed{} - \boxed{} - \boxed{} - 302500 - \boxed{} - \boxed{} - \\ &313000 - \boxed{} - 320000 - \boxed{} - \boxed{} - 330500 - \boxed{} \\ &- \boxed{} - \boxed{} - 344500 - \boxed{} - 351500 - \boxed{} \end{aligned}$$

23. Pedro ten unha bolsa con 85 caramelos de limón e María ten outra bolsa con 125 caramelos de laranxa. Cantos caramelos teñen entre os dous? Comprobe o resultado coa calculadora.



24. Manuel tiña 29 anos cando naceu a súa filla. Agora a súa filla ten 48 anos. Cantos anos ten Manuel?

25. Complete:

Perder ou sacar cousas dun grupo denomínase _____.

O símbolo da resta é _____ o que coñecemos como signo _____.

26. Póñalles nome aos elementos da resta:


64 → _____
- 33 → _____
31 → _____

27. Resolva as seguintes restas.

47	639	383	25
- 15	- 416	- 253	- 22

28. Comprobe para cada unha das restas do exercicio anterior os resultados obtidos. Para iso, lembre que lle debe sumar o subtraendo á diferenza, e obter o minuendo.

29. Un salmón deposita 1.589.500 ovos no fondo do río. Se morren 1.054.500 ovos, cantos salmóns van nacer?



30. Realice as seguintes restas:

$$\begin{array}{r} 526 \\ - 129 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 742 \\ - 485 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 109 \\ - 64 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 358 \\ - 276 \\ \hline \end{array}$$

31. Nun concello galego hai 879 hectáreas de monte. No último inverno reforestáronse 235 hectáreas, pero no verán arderon 168 hectáreas.

- Que superficie de monte había despois da reforestación?

- Que superficie de monte quedou despois de arder no verán?

32. Complete os carteis.

$$\begin{array}{c} \boxed{43} + \boxed{25} \\ \swarrow \quad \searrow \\ \boxed{} \end{array}$$

$$\begin{array}{c} \boxed{64} + \boxed{37} \\ \swarrow \quad \searrow \\ \boxed{} \end{array}$$

$$\begin{array}{c} \boxed{82} + \boxed{36} \\ \swarrow \quad \searrow \\ \boxed{} \end{array}$$

$$\begin{array}{c} \boxed{72} + \boxed{} \\ \swarrow \quad \searrow \\ \boxed{136} \end{array}$$

$$\begin{array}{c} \boxed{25} + \boxed{} \\ \swarrow \quad \searrow \\ \boxed{64} \end{array}$$

$$\begin{array}{c} \boxed{58} + \boxed{} \\ \swarrow \quad \searrow \\ \boxed{93} \end{array}$$

33. Complete:

Unha probeta serve para medir _____ e mídese en _____.

Unha romana serve para medir _____ e mídese en _____.

Un calibre serve para medir _____ e mídese en _____.

34. Debuxe ou pegue un recorte ou unha fotografía dun instrumento para medir masa, un instrumento para medir lonxitude e un instrumento para medir volume. Póñalles nome.



35. Escriba frases onde empregue adecuadamente as seguintes unidades de medida: metro, litro, quilogramo, metro cadrado, quintal, vara, ferrado e cuartillo.

36. Cales son as unidades do sistema internacional de medida de masa, a lonxitude, a superficie e o volume?

37. Complete as frases utilizando as unidades tradicionais galegas adecuadas en cada caso.

Un _____ é arredor de 30 centímetros e medio.

Medio quilogramo é aproximadamente un _____

_____.

A _____ son uns 55 litros.

O _____ pódese usar para medir superficie e capacidade.